

# xornadas 8M

**Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica**

**6-20 de marzo de 2024, A Coruña**



## **Xornadas 8M**

# **Mulleres e independencia económica: traballo e sociedade en perspectiva histórica**

**A Coruña 2024**

**Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)  
na Facultade de Economía e Empresa (FEE)**

**Universidade da Coruña**



**Xornadas 8M. Mulleres e independencia económica: traballo e sociedade en perspectiva histórica**

**Editoras:** Ángeles Longarela Ares e Tamara González López

**Edita:** Servizo de publicacións. Universidade da Coruña.  
<https://www.udc.es/gl/publicacions/> A Coruña, 2024.

Nº de páxinas: 29

Índice: p. 5

**Coordinan:** Ángeles Longarela Ares, representante da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) na Facultade de Economía e Empresa (FEE) e Tamara González López. Universidade da Coruña.

**Colección:** Cursos, congresos e simposios, CCS-163

**DOI:** <https://doi.org/10.17979/spudc.000036>

**Handle (URL do RUC):** <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/36873>

**Dirección:**

Profa. Ángeles Longarela Ares

**Secretaría:**

Profa. Tamara González López

**Edición e coordinación:**

Profa. Ángeles Longarela Ares

Profa. Tamara González López

**Comité organizador:**

Profa. Ángeles Longarela Ares

Profa. Tamara González López

**Colaboradores Comité Organizador (por orde alfabético do primeiro apelido):**

Profa. María Alló Pazos

Profa. Amalia Blanco Louro

Profa. Elvira Lindoso Tato

Prof. Iván López Martínez, Iván

Prof. José López Rodríguez, José

Prof. José Javier Orosa González

Profa. María Milagros Sieiro Constenla

Profa. Margarita Vilar Rodríguez

**Maquetación:**

Tamara González López

Ángeles Longarela Ares

**Deseño de Portada:**

Servizo de publicacións. Universidade da Coruña.

**Cita recomendada:**

Longarela-Ares, Á., González López, T. (ed.) (2024). *Xornadas 8M. Mulleres e independencia económica: traballo e sociedade en perspectiva histórica*. Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) na Facultade de Economía e Empresa (FEE). Universidade da Coruña. A Coruña. Handle: xxxx



Esta obra ten unha licenza [Creative Commons — Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional — CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

# ÍNDICE

<b>PRÓLOGO</b> .....	<b>6</b>
<b>PÓSTERS</b> .....	<b>8</b>
LAS RAQUETISTAS.....	10
Pico Calvo, Candela .....	10
AS MOZAS DO RADIO .....	13
Carballo Rodríguez, Miriam .....	13
EL PAPEL DE LA MUJER EN LA INDUSTRIA MINERA .....	16
Vázquez García, Nerea.....	16
NODRIZAS E AMAS DE CRIA .....	19
Elaborado de xeito colaborativo.....	19
O CONTROL FERROVIARIO ANTES DA TECNOLOXÍA: AS "GUARDESAS" .....	22
Elaborado de xeito colaborativo.....	22
TECENDO A HISTORIA, FIANDO A VIDA: AS MULLERES NA INDUSTRIA TEXTIL .....	25
Elaborado de xeito colaborativo.....	25

## PRÓLOGO

Co gallo da conmemoración do 8M, a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) da Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC) organizou no ano 2024 unhas xornadas centradas nas *Mulleres e independencia económica*. Estas xornadas levaban por subtítulo *Traballo e sociedade en perspectiva histórica*, xa que a participación laboral e a conquista dos espazos sociais por parte das mulleres están ligados. Estes aspectos abordáronse dende a perspectiva histórica para tratar de amosar que foron avances lentos e nos que, en moitas ocasións, houbo retrocesos.

Dende as institucións é fundamental continuar traballando na concienciación da participación das mulleres no mercado laboral como factor para o crecemento económico e para o benestar, tanto a nivel xeral, como a título particular. Non só iso, senón que cómpre rachar coas ideas preconcebidas e os estereotipos sobre a devandita participación laboral emanados dende o cinema, as redes sociais e outros medios de entretemento. Especialmente aqueles que sitúan á muller como persoa inactiva no eido laboral, demostrando que traballaron de xeito activo, malia que, maioritariamente, no mercado laboral informal. Deste xeito, non só se eliminan representacións das mulleres erróneas, senón que ao mesmo tempo se aportan referentes para as novas xeracións.

Atendendo a isto, o obxectivo das xornadas era subliñar e destacar dous aspectos fundamentais ante o alumnado e calquera outro público interesado que se achegase ás xornadas. En primeiro lugar, a importancia que ten a participación laboral para acadar a independencia económica e, dende ese punto, ter maior poder para reivindicar dereitos e camiñar cara á igualdade de xénero. Cando a muller ten control sobre os recursos e sobre o seu tempo, goza de maior representación e capacidade de acción na toma de decisión económicas dende o fogar até as institucións. En segundo lugar, desterrar a idea de que predominou ao longo da historia o modelo de muller burguesa que non participaba do mercado laboral, formal nin informal. Máis aínda, que cando ese modelo tivo o seu máximo apoxeo, non representaba a toda a sociedade. Se ben os medios de comunicación e o sector do ocio magnificou este modelo, só respondía ás elites dende mediados dos século XIX até a segunda metade do século XX.

Para tales obxectivos, estableceuse unha programación en torno a tres grandes actividades que se prolongaron dende o 6 até o 20 de marzo:

1. Obradoiros, exposición e concurso de pósters.
2. Charlas-coloquio con expertas.
3. Proxección de filme e debate.

Como primeira actividade introdutoria para o alumnado, realizáronse senllos obradoiros enfocados á actividade económica das mulleres no pasado e a como debían traducir esa información ao plano gráfico para elaboraren pósters científicos, ao tempo que divulgativos. A confección de pósters por parte do alumnado, que se achegan nas presentes actas, permitiron xerar unha exposición no espazo de entrada da Facultade de Economía e Empresa accesible para todo a comunidade universitaria.

As charlas-coloquio seguiron un eixo temporal, comezando con conferencias sobre a Idade Moderna até rematar co período franquista. A primeira conferencia correu a cargo de dona Ofelia Rey Castelao, catedrática de Historia Moderna na Universidade de Santiago de Compostela, titulada *Gañar a vida: mulleres na economía da Galicia moderna*. Nela explicou os principais condicionantes e obstáculos para o estudo da actividade económica da muller en Galicia nos séculos XVI ao XIX, rematando cunha ampla mostra de traballos e oficios que desempeñaban as mulleres. A continuación, dona Ana Sixto Barcia, profesora da Universidade de León, presentou a súa conferencia titulada *A formación feminina nunha economía familiar e de subsistencia. Alfabetización e analfabetismo en Galicia (ss. XVIII-XIX)*. Unha abordaxe á formación que recibían as nenas galegas e, por extensión, ás consecuencias que derivaban dunha menor alfabetización no eido laboral, económico e, incluso, social.

Dona Elvira Lindoso Tato, profesora da Universidade da Coruña, pronunciou o terceiro relatorio que se titulaba *Mulleres e empresa galega no século XIX*. Un achegamento á presenza e traballo das mulleres nas empresas galegas do século XIX como donas ou socias das mesmas. Por último, dona Elena García Cruz, doutoranda na Universidade de Sevilla, e dona Margarita Vilar Rodríguez, profesora da Universidade da Coruña, presentaron o seu traballo titulado *Mujeres en los hospitales psiquiátricos en España durante la dictadura franquista*. Nel amosaron o uso dos ingresos forzados por parte da contorna familiar como un medio de control das mulleres.

A terceira e última actividade consistiu na proxección dun filme, elaborado pola Comisión de Igualdade do Consello Superior de Investigacións Científicas (CID-CSIC): *Que inventen ellas: la mujer de ciencia y conocimiento en el cine español*. Trátase dun documento audiovisual no que se analiza a representación que se daba das mulleres relacionadas coa ciencia e co coñecemento a partir de películas rodadas a meirande parte en España e relacionadas co mundo académico. Grazas a ela, estableceuse un debate sobre como esa visión era transmitida á sociedade e asimilada polas xeracións máis novas. Debate e reflexión que se erixen como ferramentas fundamentais para comprender os obstáculos sociais e culturais das carreiras laborais das mulleres na ciencia.

Consideramos que a xornada tivo un bo desenvolvemento e que contribuímos a difundir investigacións con perspectiva de xénero que creasen interese entre o alumnado. Durante as actividades da xornada, tivemos a oportunidade de reunir expertas de diversos eidos e períodos históricos para que nos amosasen unha realidade diferente á visión tradicional. Creamos un espazo no que se abordaron cuestións como a participación laboral e a independencia económica ou a representación das mulleres nos medios e a consecuente configuración social dun arquetipo feminino. Esperamos que este evento tivese sido unha fonte de inspiración e aprendizaxe para o alumnado e que contribuíse á reflexión sobre a igualdade de xénero no devir cotiá.

Nesta publicación recollemos os pósters individuais e resumos do alumnado que participou de xeito activo nas Xornadas 8M do ano 2024 e que cumprían os requisitos das bases para presentarse a concurso. Así mesmo, recóllense pósters elaborados de



xeito colaborativo. En cada un dos traballos, atópase, primeiro, a autoría e un breve resumo sobre a actividade laboral representada e, a continuación, o póster final que formou parte da exposición, finalizando coa bibliografía empregada. Agardamos que con esta publicación se acade unha maior difusión e divulgación de exemplos de traballos que desempeñaron as mulleres no pasado, en todos os sectores e eidos económicos. Breves exemplos que poñan a semente para seguir indagando e reflexionando até erradicar estereotipos e mudar ideas preconcebidas sobre a participación da muller no mercado laboral.

Rematamos expresando o noso agradecemento aos membros do Decanato da Facultade de Economía e Empresa, á Oficina para a Igualdade de Xénero, así como a todo o profesorado que, en distintas formas, participou e contribuíu a que as xornadas se puidesen desenvolver con éxito. Tamén a todo persoal da biblioteca do centro pola amabilidade e disposición a axudarnos coas actividades e, por suposto, a todas as persoas da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS) que vos interesastes polas actividades e compartistes connosco estas xornadas.

Ángeles Longarela Ares e Tamara González López  
Comité Organizador

The page features a decorative design with teal-colored circles and magenta-colored shapes. One teal circle is partially visible on the left edge, and another is in the top right corner. The magenta shapes are located in the top right and bottom left corners, framing the central white area.

# **PÓSTERS**

## LAS RAQUETISTAS

**Pico Calvo, Candela**

*Facultad de Economía y Empresa, UDC*

[candela.pico@udc.es](mailto:candela.pico@udc.es)

### **RESUMEN:**

En la década de 1910 se inauguró una nueva modalidad de pelota vasca, la raqueta, similar al frontón-tenis, pero con pelota de cuero. Este deporte se hizo muy popular entre las mujeres de algunas ciudades de provincias españolas, llegándose a extender por Cuba, Brasil y México también. Es en este contexto cuando las raquetistas emergieron como figuras prominentes en el mundo del deporte femenino, desafiando las normas sociales y culturales de su tiempo.

Durante más de siete décadas, muchas mujeres dedicaron su vida a este deporte. Algunas referentes de la época como Eugenia Iriondo Astarola, más conocida como “La Eibarresa” (de Éibar, lugar donde se dieron los primeros compases de esta modalidad deportiva) y Carmen López, también conocida como “La Bolche”, llegaron a superar los sueldos de los futbolistas más importantes de aquel entonces, embolsando entre 3.000 y 4.000 pesetas mensuales.

Pese a alcanzar un gran nivel de popularidad y atraer una notable mejoría económica a sus familias, hubo muchas de ellas que se sentían avergonzadas de sus hijas y decían que el dinero provenía de sus trabajos como empleadas de servicio doméstico de las familias adineradas. Incluso en los pueblos se llegó a pensar también que ese dinero provenía de servicios de dudosa moralidad.

Tras la Guerra Civil Española, el régimen franquista hizo del deporte una cuestión de Estado. Por otro lado, se empezó a promover la idea de que la maternidad era el único propósito de la mujer y se enfatizaba en la fragilidad femenina como un ideal. Esto acabó derivando en la prohibición de nuevas licencias federativas femeninas, excusando que el juego de pelota era poco femenino y contribuía a la esterilidad.

**PALABRAS CLAVE:** Raquetistas, deporte, franquismo, mujeres, maternidad.

## 1. IMAXE DO PÓSTER

**Xornadas 8M**  
Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica



Gústache o meu póster?  
Vótalo no QR!

Pico Calvo, Candela  
Facultad Economía y Empresa, UDC.  
candela.pico@udc.es

Do 6 ao 20 de marzo de 2024. Facultade de Economía e Empresa, UDC.

@oix.fee.udc

# LAS RAQUETISTAS



**INTRODUCCIÓN**

**Oficio escogido:** Raquetistas de los años 30. Mujeres en el deporte.

**Motivo y objetivo:** explorar el papel y la influencia de las raquetistas destacando su valentía y sus logros en un contexto histórico marcado por desafíos de género.

**METODOLOGÍA**

**Revisión de artículos**

**Recopilación de información** sobre las principales raquetistas de la época, sus logros deportivos

**Análisis del contexto sociopolítico** en el que compitieron.



**RESULTADOS**

**Contexto histórico-deportivo:**  
En 1910 surge una nueva modalidad de pelota vasca, "La Raqueta", deporte que alcanzó gran popularidad entre las mujeres de la época. En este contexto nacen Las Raquetistas.

**Transcendencia:**

- Emergieron como figuras prominentes en el deporte femenino.
- Desafiaron las normas sociales y culturales de la época.

**Impacto social y económico:**

- Consiguieron salarios superiores a los de los futbolistas más relevantes de la época.
- Contribuyeron a una mejora económica para sus familias.
- Sin embargo, experimentaron estigma social y vergüenza por el origen de sus ingresos.

**Intervención del Régimen Franquista:**


- Deporte como cuestión de Estado.
- Enfoque en la maternidad como único propósito de las mujeres.
- Se enfatiza la idea de "fragilidad" como ideal femenino.
- Prohibición de nuevas licencias federativas femeninas, justificada por estereotipos de género.



**CONCLUSIONES**

La historia de las raquetistas representa un hito significativo en el avance del deporte femenino. A pesar de su gran éxito y dedicación, se tuvieron que enfrentar a grandes prejuicios sociales de la época simplemente por el hecho de ser mujeres. Además, la intervención del régimen franquista limitó sus oportunidades en el deporte y las relegó a roles tradicionales.

A pesar de estos obstáculos, el legado de las raquetistas perdura como un símbolo de resistencia y determinación. Su lucha por la igualdad y el reconocimiento en el deporte sigue siendo relevante en la actualidad, recordándonos la importancia de desafiar las normas y construir un mundo más inclusivo y equitativo.



## 2. REFERENCIAS

González Abrisketa, O. (2023). El género en la profesionalidad del deporte. El caso de las raquetistas. *Sociología del Deporte*, 1–4. <https://doi.org/10.46661/socioldeporte.9434>

Colaboradores, E. C. (2022, mayo 21). Raquetistas, las mujeres que hace un siglo fueron las primeras deportistas profesionales. *El Confidencial*. [https://www.elconfidencial.com/deportes/otros-deportes/2022-05-21/mujeres-raquetistas-pelotari-francisco-umbral\\_3427395/](https://www.elconfidencial.com/deportes/otros-deportes/2022-05-21/mujeres-raquetistas-pelotari-francisco-umbral_3427395/)

¿Sabías que las raquetistas fueron las primeras deportistas profesionales? (s/f). Ayuntamiento de Eibar. Recuperado el 12 de marzo de 2024, de <https://www.eibar.eus/es/avisos/sabias-que-las-raquetistas-fueron-las-primeras-deportistas-profesionales>

## AS MOZAS DO RADIO

**Carballo Rodríguez, Miriam**

*Facultade de Economía e Empresa*

[miriam.carballo@udc.es](mailto:miriam.carballo@udc.es)

### **RESUMO:**

As mozas do radio eran un grupo de traballadoras da empresa *United States Radium Corporation* de EEUU. Desenvolveron a súa actividade durante a época da Primeira Guerra Mundial.

Elas eran as encargadas de pintar os reloxos que usarían tanto militares como civís, usando unha pintura cun alto contido en radio.

Para poder realizar o seu traballo, debían introducir o pincel na boca. Isto provocou importantes enfermidades nas empregadas, provocando incluso a morte. Tras a primeira vítima, as mulleres reveláronse contra a empresa e só cinco delas lograron a súa indemnización.

Grazas as mozas da radio a lei laboral de EEUU, foi revisada e modificada, introducindo importantes cambios de seguridade laboral e de compensacións aos traballadores.

**PALABRAS CLAVE:** Muller, *United States Radium Corporation*, Radio, Reloxo, Enfermidade.

# 1. IMAXE DO PÓSTER

## Xornadas 8M

Mulleres e independencia económica: traballo e sociedade en perspectiva histórica

Gústache o meu póster? Vótalo no QR!

Carballo Rodríguez, Miriam  
Facultade de Economía e Empresas  
miriam.carballo@udc.es

Do 6 ao 20 de marzo de 2024. Facultade de Economía e Empresa. UDC.

@oix.fee.udc

### AS MOZAS DO RADIO.

#### Introducción

Oficio: Pintoras de reloxos.  
Mulleres que pintaban cunha sustancia luminosa as agullas e os números dos reloxos militares. EEUU. Primeira Guerra Mundial.  
Motivo: Referentes na industria fabril pola peligrosidade da súa actividade.  
Obxectivo: Dar a coñecer o seu oficio e a súa repercusión

#### Metodoloxía

Estudo cualitativo con información non numérica.

Búsqueda de información en revistas, informes e blogs.

Selección de información segundo a súa relevancia.

#### Resultados

Made possible by the magic of radium! ( "a maxia do radio fixoo posible"). Este, era o eslogan da empresa estadounidense United States Radium Corporation (USRC), durante a Primeira Guerra Mundial. Esta empresa ofrecía reloxos que naquela época sonaban a novidade, xa que, permitía que brillasen na escuridade, debido ao uso dunha pintura verdosa elaborada con radio. Que debían facer as mulleres que traballaban alí? Pois ben, dedicábanse a pintar con delicadeza as agullas e os números daqueles reloxos destinados a militares e civís. As empregadas debían poñer a punta do pincel entre os beizos e mollala coa lingua para humedela e afiala. Ao longo do día elaboran máis de 200 reloxos. Para elas era un gran emprego, posto que, unha muller que traballaba en USRC, gañaba o triple que calquera outra obreira. Pero, cal era o risco de traballar aquí? A pesar de que a empresa aseguraba que os seus reloxos non xeraban ningún tipo de enfermidade, non era de todo certo. Unha vez rematado era inofensivo, pero, aquelas mulleres que os elaboraban, polo simple feito de ter que introducir o pincel na boca, inxerían importantes cantidades de radio que desembocan importantes enfermidades e incluso a morte. Mollie Maggia foi a primeira vítima. En 1920, as mulleres comezaron a demandar a empresa pero só cinco de elas lograron a indemnización.

#### Conclusiones

O caso das rapazas do radio tivo unha enorme repercusión nas leis laborales en Estados Unidos, onde se estableceron compensacións para os empregados e creouse uns procedementos de seguridade básicos para a manipulación do radio.

#### Referencias

Conversation, M. M. J. \*. (2020, 14 novembro). Las chicas del radio y los riesgos de la radiación. [historia.nationalgeographic.com.es](https://historia.nationalgeographic.com.es). [https://historia.nationalgeographic.com.es/a/chicas-radio-y-riesgos-radiacion\\_15809](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/chicas-radio-y-riesgos-radiacion_15809)  
Wille, G. (2020, 14 outubro). Las chicas del radio: la trágica historia de las mujeres que brillaban en la oscuridad. LA NACION. <https://www.lanacion.com.ar/lifestyle/las-chicas-del-radio-tragica-historia-mujeres-nid2479272/>

## 2. REFERENCIAS

Conversation, M. M. /. \*. (2020, 14 noviembre). Las chicas del radio y los riesgos de la radiación. historia.nationalgeographic.com.es.

[https://historia.nationalgeographic.com.es/a/chicas-radio-y-riesgos-radiacion\\_15809](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/chicas-radio-y-riesgos-radiacion_15809)

Wille, G. (2020, 14 octubre). Las chicas del radio: la trágica historia de las mujeres que brillaban en la oscuridad. LA NACION.

<https://www.lanacion.com.ar/lifestyle/las-chicas-del-radio-tragica-historia-mujeres-nid2479272/>



## EL PAPEL DE LA MUJER EN LA INDUSTRIA MINERA

Vázquez García, Nerea

*Facultade de Economía e Empresa*

[n.vgarcia@udc.es](mailto:n.vgarcia@udc.es)

### RESUMEN:

Las mujeres fueron imprescindibles en la minería. Ellas se encargaban de transportar y lavar el mineral, producir dinamita, hacer la comida y acoger a los mineros en sus casas.

Ellas tenían unas manos delicadas y laboriosas, por eso se les atribuía el trabajo de lavar el mineral separando el hierro y la caliza. Además, labores como lavar o cocinar estaban totalmente asociadas a la mujer.

Aunque una minoría, también se encargaron de picar en la mina, pero a principios del siglo XX, se prohibió a las mujeres el trabajo en la minería subterránea. Ley que, España ratificó en el 58.

La mujer de la mina era una trabajadora estigmatizada, viuda o abandonada por su marido. Además, circulaban leyendas e historias que contaban que eran motivo de accidentes dentro de las minas.

Hoy en día, la mujer sigue sin tener visibilidad dentro de la minería. Éstas solo representan el 23%, pero la mayoría ocupan cargos administrativos.

**PALABRAS CLAVE:** Trabajo femenino, Minería, Prohibición legal, Estigma.

## 1. IMAXE DO PÓSTER

**Xornadas 8M**  
Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica



Gústache o meu póster?  
Vótalo no QR!

Apelidos, Nome: Vázquez García, Nerea  
Centro: Facultade de Economía e Empresa  
e-mail: n.vgarcia@udc.es

Do 6 ao 20 de marzo de 2024. Facultade de Economía e Empresa. UDC.  @oix.fee.udc

### EL PAPEL DE LA MUJER EN LA INDUSTRIA MINERA



#### INTRODUCCIÓN

- Oficio escogido: MINERA
- Importancia de las labores de la mujer dentro de la minería, trabajo históricamente asociado a los hombres.
- Motivo: ejemplo de mujeres trabajadoras sin visibilidad y estigmatizadas.
- Objetivo: dar visibilidad a todo el trabajo indispensable realizado por las mineras.

#### METODOLOGÍA

Estudio cualitativo mediante:

- Búsqueda de información en fuentes secundarias.
- Análisis de recursos recopilados.



#### RESULTADOS

Las mujeres fueron imprescindibles en la minería. Ellas se encargaban de transportar y lavar el mineral, producir dinamita, hacer la comida y acoger a los mineros en sus casas.

Elas tenían unas manos delicadas y laboriosas, por eso se les atribuía el trabajo de lavar el mineral separando el hierro y la caliza. Además, labores como lavar o cocinar estaban totalmente asociadas a la mujer.

Aunque una minoría, también se encargaron de picar en la mina, pero a principios del siglo XX, se prohibió a las mujeres el trabajo en la minería subterránea. Ley que, España ratificó en el 58.

La mujer de la mina era una trabajadora estigmatizada, viuda o abandonada por su marido. Además, circulaban leyendas e historias que contaban que eran motivo de accidentes dentro de las minas.

Hoy en día, la mujer sigue sin tener visibilidad dentro de la minería. Éstas solo representan el 23%, pero la mayoría ocupan cargos administrativos.

#### CONCLUSIONES

Aunque sin visibilidad alguna, las mineras sostuvieron el sistema minero en la sombra. En los libros académicos, siempre muestran la importancia de la minería en el siglo XIX y XX, pero no nos enseñan que las mujeres mineras permitieron el asentamiento del capitalismo y el auge de la revolución industrial.



#### BIBLIOGRAFÍA

-Álvarez, C. (2023, 8 marzo). La minería, un sector al que las mujeres siguen teniendo dificultades para acceder: "Se duda de nuestras". LaSexta. [https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/mineria-sector-que-mujeres-siguen-teniendo-dificultades-acceder-duda-nuestras-capacidades\\_202303086408ad007262e500019d99b6.html#:~:text=Seg%C3%BAn%20datos%20oficiales%2C%20las%20mujeres,el%20trabajo%20es%20muy%20inferior.](https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/mineria-sector-que-mujeres-siguen-teniendo-dificultades-acceder-duda-nuestras-capacidades_202303086408ad007262e500019d99b6.html#:~:text=Seg%C3%BAn%20datos%20oficiales%2C%20las%20mujeres,el%20trabajo%20es%20muy%20inferior.)

-Villaverde, T., & Pequeño, I. (2021, 23 junio). Mujeres del agujero. Pikara Magazine. <https://www.pikaramagazine.com/2016/09/mujeres-mineras-vascas/>



## 2. REFERENCIAS

- Álvarez, C. (2023, 8 marzo). La minería, un sector al que las mujeres siguen teniendo dificultades para acceder: "Se duda de nuestras capacidades". LaSexta. [https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/mineria-sector-que-mujeres-siguen-teniendo-dificultades-acceder-duda-nuestras-capacidades\\_202303086408ad007262e500019d99b6.html](https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/mineria-sector-que-mujeres-siguen-teniendo-dificultades-acceder-duda-nuestras-capacidades_202303086408ad007262e500019d99b6.html)
- Villaverde, T., & Pequeño, I. (2021, 23 junio). Mujeres del agujero. Pikara Magazine. <https://www.pikaramagazine.com/2016/09/mujeres-mineras-vascas/>

## **NODRIZAS E AMAS DE CRIA**

### **Elaborado de xeito colaborativo**

*Facultade de Economía e Empresa*

#### **RESUMEN:**

As nodrizas e amas de cría xogaron un papel fundamental no coidado e na crianza dos cativos. As dificultades no pasada para suplir as necesidades de alimentación dos lactantes obrigou a depender de outras mulleres para poder garantir a supervivencia da criatura. En determinados contextos, a lactancia era practicada por outras mulleres da comunidade sen custe ningún, máis entre as elites e nos hospicios, onde se atendía aos nenos abandonados, esta fórmula de solidariedade non funcionaba. Optouse, polo tanto, pola contratación de mulleres para tal labor.

As nodrizas e as amas de cría eran, polo tanto, mulleres asalariadas baixo as ordes dunha familia ou dunha institución. No segundo caso, a atención e coidado era realizado no propio fogar da nodriza, namentres no primeiro podía ser tanto o lactante como a ama de cría a que trasladasen a súa residencia. O traballo destas mulleres adoitaba prolongarse máis alá da lactancia, pois encargábanse do coidado e atención dos nenos ata os sete anos.

Malia ser un traballo fundamental para garantir a supervivencia infantil e que aportaba un ingreso necesario para a familia da nodriza, eran obxecto de críticas e estereotipos negativos.

**PALABRAS CLAVE:** Coidados, Familia, Inclusas, Infancia, Lactancia Asalariada.

## 1. IMAXE DO PÓSTER

**Xornadas 8M**  
Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica



Gústache o meu póster?  
Vótalo no QR!

PÓSTER COLABORATIVO DOS  
OBRADOIROS  
Non entra a concurso

Do 6 ao 20 de marzo de 2024. Facultade de Economía e Empresa. UDC. @oix.fee.udc

# Nodrizas e amas de cría

## INTRODUCCIÓN

As nodrizas e as amas de cría foron un recurso fundamental para alimentar aos pequenos. Existiron en toda Europa, no sector terciario, con testemuños dende, polo menos, 1572; mais o seu número aumentou nos séculos XVIII-XIX.

## MARCO TEÓRICO

Nos últimos anos a avanzouse no estudo deste oficio dende a perspectiva social (quen eran?), económica (cal era a súa situación económica? canto cobraban?) e laboral (como eran contratadas? como se controlaba o seu desempeño?). Pero durante décadas foi un traballo esquecido a pesar de ser esencial pola campaña de desprestixio que se desenvolvera contra elas.

## METODOLOXÍA

Neste traballo, a través dunha revisión de fontes de información falaremos deste oficio.

## RESULTADOS

- Contratadas por unha familia ou isntitución pública (hospicios e inclusas) e mediatizado pola igrexa e médicos
- Fin: alimentar nenos e nenas menores de dous anos.

### • FAMILIA: Dúas opcións.

- o/a neno/a era levado/a á casa da nodriza
- a nodriza era interna á casa da familia, deixando aos seus propios fillo/as na casa
- Alta demanda: axencias de recrutamento. Garantíanse mulleres cos "requisitos físicos e morais". Anuncios en prensa.

### • INCLUSAS (peor pagado)

- Neno/as transportado/as ata as casas das nodrizas. Moitos morrían no traxecto, acusándos de maltratalos.
- Nodrizas en radios xeográficos moi amplos (por ex. de Pontevedra a Lugo).
- 1750-1850: moitos abandonos, pero mais demanda non significou mellor valoración nin salario



## CONCLUSIÓNS

A pesar de ser un traballo esencial que garantía que moitos neno/as accedesen a unha correcta alimentación, era mal valorado e mal pagado. Ademais do posible traslado do fogar, elas estaban en risco de contraer enfermidades a través do aleitamento. Un traballo sacrificado e pouco valorado que aínda se ve hoxe na carga desigual que a muller ten nos coidados.

## REFERENCIAS

Sarasúa, Carmen. (1994). Criados, nodrizas y amos : el servicio doméstico en la formación del mercado de trabajo madrileño, 1758-1868. Siglo XXI. Imaxe: Arquivo municipal. Paseo dunha eadeira nos Cantóns, A Coruña (1918)

## 2. REFERENCIAS

Sarasúa, Carmen. (1994). Criados, nodrizas y amos: el servicio doméstico en la formación del mercado de trabajo madrileño, 1758-1868. Siglo XXI.

Imaxe: Arquivo municipal. Paseo dunha neneira nos Cantóns, A Coruña (1918).

## **O CONTROL FERROVIARIO ANTES DA TECNOLOXÍA: AS "GUARDESAS"**

### **Elaborado de xeito colaborativo**

*Facultade de Economía e Empresa*

#### **RESUMEN:**

O desenvolvemento tecnolóxico permitiu realizar de xeito automatizado labores que noutrora debían realizarse de xeito manual e presencial. Entre estes, atópase o control das barreiras que establecían os pasos dos trens o longo de todo o trazado ferroviario. Malia ser un traballo fundamental para o correcto funcionamento do transporte de mercadorías e de pasaxeiros, non era valorado socialmente e percibía un salario ínfimo.

“Guardesas”, gardabarreiras... distintos termos para un oficio no que predominaban as mulleres pola baixa cualificación necesaria e polos salarios máis baixos que se lles pagaban. As condicións de traballo destas mulleres eran precarias: apenas contaban con casetas nas que se protexer do frío e da choiva e atopábanse en lugares pouco transitados. Iso implicou que os accidentes laborais e os ataques físicos fosen abundantes.

A pesar de ser un traballo existente até hai uns cincuenta anos, a substitución tecnolóxica e a eliminación dos postos físicos nos que estaban, favoreceu que fose un traballo case esquecido na actualidade.

**PALABRAS CLAVE:** Tren, Barreiras, Accidente laboral, Risco, Muller.

## 1. IMAXE DO PÓSTER

**Xornadas 8M**  
Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica



Gústache o meu póster?  
Vótao no QR!

PÓSTER COLABORATIVO DOS  
OBRADOIROS  
Non entra a concurso


Do 6 ao 20 de marzo de 2024, Facultade de Economía e Empresa, UDC.  @oix.fee.udc

# O control ferroviario antes da tecnoloxía: as "guardesas"

## INTRODUCCIÓN



As gardesas ou gardabarreiras eran as mulleres encargadas de vixiar as barreiras para dirixir o tráfico ferroviario. Este traballo do sector terciario non foi obxecto de atención polos investigadores ata anos recentes.



## METODOLOXÍA

Neste póster analízase o oficio a partir de fontes bibliográficas e documentación.

## RESULTADOS



- Emprego de baixa cualificación e baixa remuneración.
- As barreiras que debían controlar estaban situadas ao longo da liña férrea, eran lugares afastados dos seus domicilios e doutras casas. Isto fixo que fosen obxecto de ataques violentos.
- A inexistencia de infraestruturas (que con sorte era unha pequena caseta de madeira) expoñíaas aos fenómenos climáticos adversos.
- A inexistencia de medidas de protección laboral ou de avisos do paso do tren implicou múltiples accidentes laborais con funestas consecuencias para elas e as súas familias.



## CONCLUSIÓNS

A participación feminina na industria ferroviaria foi esquecida tras ser substituída: en 1920, había 1.564 mulleres en España traballando no sector ferroviario e en 1930, só 1.096. Aínda que, hoxe en día, esta actividade foi substituída pola tecnoloxía, antes era unha tarefa esencial para evitar accidentes que cumpría facer manualmente. Cabe lembrar o esforzo destas mulleres paa poder saír adiante.



## REFERENCIAS



- Ballesteros Doncel, E. (2003). La construcción del empleo ferroviario como una profesión masculina, 1857-1962. In C. Sarasúa & L. Gálvez Muñoz (Eds.), ¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo (pp. 335-355). Servicio de Publicaciones.
- Domínguez Prats, P. (2003). Trabajos iguales, condiciones desiguales. Las guardesas y los guardabarreras en RENFE (1941-1971). In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), ¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo (pp. 357-377). Servicio de Publicaciones.



## 2. REFERENCIAS

- Ballesteros Doncel, E. (2003). La construcción del empleo ferroviario como una profesión masculina, 1857-1962. In C. Sarasúa & L. GálvezMuñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 335–355). Servicio de Publicaciones.
- Domínguez Prats, P. (2003). Trabajos iguales, condiciones desiguales. Las guardesas y los guardabarreras en RENFE (1941-1971). In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 357–377). Servicio de Publicaciones.

## **TECENDO A HISTORIA, FIANDO A VIDA: AS MULLERES NA INDUSTRIA TEXTIL**

### **Elaborado de xeito colaborativo**

*Facultade de Economía e Empresa*

#### **RESUMEN:**

A fabricación de tecidos foi unha necesidade xeral para a poboación dende antigo. Esta actividade pronto pasou do autoconsumo á produción para o mercado, expandíndose aínda máis co inicio da I Revolución Industrial. Tanto na produción nos fogares coma nas fábricas, a man de obra feminina era a máis abundante, especialmente nas fases previas á produción da peza final, elaboradas por xastres.

Os factores que explican a feminización deste sector son varios: dende a percepción de salarios máis baixos que favorecía unha maior rendibilidade da venda das teas até o mellor coñecemento das materias primas e do proceso por teren sido ensinadas dende cativas. No caso de Galicia, o século XVIII favoreceu a expansión da proto-industria do liño, que permitiu que miles de mulleres elaborasen lenzos cos que obtiñan un ingreso para a economía familiar.

Co inicio da Revolución Industrial, as mulleres continuaron a ser a principal man de obra do sector, trasladando a produción dos fogares ás fábricas. Nas seguintes fases da industrialización, conforme a mecanización ía acadando maior complexidade, foron sendo substituídas por máquinas e por homes que as controlaban. Agora ben, as dificultades de mecanizar determinadas labores, como a costura, favoreceron que as mulleres seguisen sendo até a actualidade o groso da man de obra empregada por esta industria.

**PALABRAS CLAVE:** Traballo feminino, Industria textil, Industrialización, Costureiras.

## 1. IMAXE DO PÓSTER

# Xornadas 8M

Mulleres e independencia económica:  
traballo e sociedade en  
perspectiva histórica

Do 6 ao 20 de marzo de 2024. Facultade de Economía e Empresa. UDC.



**Gústache o meu póster?  
Vótalo no QR!**

PÓSTER COLABORATIVO DOS  
OBRADOIROS  
Non entra a concurso

@oix.fee.udc

# Tecendo a historia, fiando a vida: as mulleres na industria textil

### INTRODUCCIÓN

A produción de pezas de roupa para a venda ou para o autoconsumo é unha actividade das máis antigas. Se ben na Idade Media participaban desta labor tanto homes como mulleres, co decorrer dos séculos comezan a segregarse as tarefas: as pezas finais eran elaboradas por homes xastres, mentres que todas as fases previas por mulleres (fiadeiras, tecedeiras, calceteiras, costureiras...). Este oficio pertence ao sector secundario.

### METODOLOXÍA

Neste traballo, falaremos das mulleres na industria textil a través dunha revisión de fontes de información e datos sobre o sector.



Mujeres trabajadoras de una fábrica textil en Detroit cosen con máquinas 'Singer'.  
Fuente: Wikipedia



Mulleres redetas. Foto Community



Obreras mallorquinas teñendo lapis de nudo hecho a mano en la fábrica que los Hermanos Fernández poseen en Palma de Mallorca.

### RESULTADOS

A experiencia previa dende fai séculos foi aproveitada despois pola industria textil co inicio da Revolución Industrial: as fábricas contrataron mulleres porque xa tiñan formación práctica sobre a materia prima e porque se lles pagaba menos que aos homes. Como se observa na táboa, na industria de algodón británica, a maior parte das persoas traballadoras eran mulleres. E tamén se observa o traballo infantil, que acudían cos seus proxenitores.

**Trabajo empleado en la industria británica de algodón, 1835**

	Hombres	Mujeres	Jóvenes (13-18 años)	Niños
Inglaterra	50.675	53.410	53.843	26.164
Gales	250	458	354	89
Escocia	6.168	12.403	10.442	4.082
Irlanda	960	1.553	847	436
<b>Total</b>	<b>58.053</b>	<b>67.824</b>	<b>65.486</b>	<b>28.771</b>

Fuente: Berg, M. (1987): *La era de las manufacturas, 1700-1820*, Barcelona, Crítica

### CONCLUSIÓNS

A Revolución Industrial perpetuou a relación entre industria textil e mulleres. A mecanización do proceso favoreceu que traballasen fóra da casa separando o espazo doméstico do produtivo.

#### REFERENCIAS

- Hernández García, R. (2003). El trabajo en la industria textil de Tierra de Campos a mediados del siglo XVIII: La fábrica de Astudillo. In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 113-135). Servicio de Publicaciones.
- Martínez López, D. (2003). El trabajo femenino y la economía campesina de subsistencia en Andalucía: Las hilanderas de Montefrío (1826-1851). In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 137-156). Servicio de Publicaciones.
- Martínez Yáñez, N.M. (2019). Segregación ocupacional por razón de género en el sector de la pesca: el paradigma de las redetas. *Revista del Ministerio de Empleo y Seguridad Social: Revista del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social*, págs. 287-322
- Rial García, S. M. (2009). Las mujeres de las comunidades marítimas de Galicia durante la época moderna una biografía colectiva. Ayuntamiento de Alcalá de Henares.

## 2. REFERENCIAS

- Hernández García, R. (2003). El trabajo en la industria textil de Tierra de Campos a mediados del siglo XVIII: La fábrica de Astudillo. In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 113–135). Servicio de Publicaciones.
- Martínez López, D. (2003). El trabajo femenino y la economía campesina de subsistencia en Andalucía: Las hilanderas de Montefrío (1826-1851). In C. Sarasúa & L. Gálvez-Muñoz (Eds.), *¿Privilegios o eficiencia?: Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (pp. 137–156). Servicio de Publicaciones.
- Martínez Yáñez, N.M. (2019), Segregación ocupacional por razón de género en el sector de la pesca: el paradigma de las rederas, *Revista del Ministerio de Empleo y Seguridad Social: Revista del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social*, págs. 287-322
- Rial García, S. M. (2005). Las mujeres de las comunidades marítimas de Galicia durante la época moderna una biografía colectiva. Ayuntamiento de Alcalá de Henares.

